**Editorial Toxosoutos.com**
www.toxosoutos.com
editorial@toxosoutos.com
Tel : (+34) 981823855
Fax : (+34) 981821690

# PZOEMA ZAMARRADA PELIQUEIRO




: 00000518
: Araúxo, Emilio
: PZOEMA ZAMARRADA PELIQUEIRO
: Divulgación e ensaio
: 978-84-944314-8-7
:
210X150. 345 PÁXINAS

: 20,00€

:

De todas as mascaradas ás que puiden asistir en numerosos países, a de Laza é a máis atractiva, a máis desconcertante e a que presenta os rituais máis misteriosos. A miña experiencia vital estará unida a Laza para sempre. Medrei alí neses días dende que rematei a miña carreira aprendendo cómo fan unha "obra artística", vital e xocosa cos seus corpos, cos seus traxes e coas súas instalacións. Despois de coñecer outros carnavais e festas, sinto que en Laza é onde saben "crear" vida e emoción e embarcarnos a todos os demais nesa estraña e excitante maneira de vivire, aínda que soamente sexa durante eses días máxicos. ¿Que virtudes dotan ó Entroido de Laza das súas insólitas características e do seu profundo sentido?. O atributo esencial do Entroido é o dun tempo á parte do tempo ordinario, un tempo no que se dá vía libre a licenciosos, alegres e extravagantes comportamentos e respresentacións, un tempo ó revés no que se instala o caos, a loucura e o desatino. Por medio do humor, a sátira e a risa, irreductíbeis aliados da transgresión dos límites impostos por moralidades, intereses, usos e poderes, o pobo de Laza recoñece e explora parcelas agachadas e conflitivas da existencia coma o pracer e a tribulación, o amor e a inxustiza, a colectividade e o individuo, a autoridade e a anarquía.

Divulgación e ensaio:
estudos lingüísticos e etnográficos